



MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA PARA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

A modificación proposta obedece principalmente á necesidade de adaptar e reforzar a estrutura do Instituto de Estudos do Territorio (IET) debido ao desenvolvemento de novos programas e proxectos no ámbitos das súas competencias, tal e como se reflicte no Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. A execución do preceptuado na citada disposición legal, supón a necesaria modificación da relación de postos de traballo deste organismo autónomo co fin de adecuar ambos os dous instrumentos (Decreto e Relación de Postos de Traballo) para o desempeño das funcións de cooperación con outras administracións públicas e fomento da integración das políticas paisaxísticas.

Do mesmo xeito, esta modificación da relación de postos de traballo (RPT) do IET obedece á necesidade de garantir, a medio e longo prazo, o desempeño das funcións que desenvolve este organismo dada a especificidade das mesmas e os cambios producidos no vínculo xurídico dunha parte do persoal do IET, derivados dos procesos de funcionarización do persoal laboral fixo con destino neste organismo.

VALORACIÓN FUNCIONAL DA PROPOSTA:

A memoria das modificacións propostas concrétase, xa polo miúdo, nas seguintes cuestións:

1. Execución do disposto no Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo establece o artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia nos parágrafos 3 e 30, ten competencia exclusiva, respectivamente, en materia de ordenación do territorio e do litoral, así como de normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución española. O artigo 37.3 do mesmo estatuto recolle que as





competencias de execución na Comunidade Autónoma levan implícitas, entre outras, a correspondente potestade regulamentaria.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, determina que estará integrada polas consellerías que nel se relacionan, entre as que se atopa a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. No seu artigo 2 establece os órganos de dirección da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, adscribindo á dita Consellería o organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. Segundo a referida normativa e, de conformidade co disposto no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, esta é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma, ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e a promoción da paisaxe, entre outras, conforme o establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.

O Instituto de Estudos do Territorio foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como consecuencia do mandato legal do artigo 31 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, á vez que dispuxo a súa adscrición á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Ambas as dúas leis foron derogadas pola vixente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu capítulo IV regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Está configurado como un organismo autónomo dos regulados na sección 2.^a do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.



Os estatutos do Instituto de Estudos do Territorio foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro. O seu artigo 9 recolle que o Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

En consonancia co seu obxecto, o artigo 10 da citada norma recolle as súas funcións entre as que se atopan o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados. Así mesmo, ten atribuídas, entre as súas funcións, a de prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.

En base á citada normativa, tramitouse e publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 128 do 6 de xullo de 2023 o Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, incorporou a crecente sensibilidade social pola paisaxe, elevándoa a rango de lei por vez primeira en Galicia, e fíxoo desde a máis actual concepción daquela, que emana do Convenio Europeo da Paisaxe, asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000 e cuxo instrumento de ratificación en España foi publicado no Boletín Oficial del Estado núm. 31 do 5 de febreiro de 2008.

A entrada en vigor da Lei 7/2008, do 7 de xullo, supuxo un importante avance no recoñecemento xurídico da paisaxe en Galicia e na posta en marcha de políticas para a súa preservación, xestión e ordenación. Este texto legal pretendeu servir de marco de referencia para outras lexislacións sectoriais e os seus plans e programas que poidan influír dalgún xeito na modificación, alteración ou transformación das paisaxes, en especial cando afecten a determinados espazos de alto valor natural e cultural, sen prexuízo do que dispoñan as normas en cada materia, xa sexa ambiental, do patrimonio cultural, urbanística, agrícola, forestal, gandeira, turística ou industrial, ou o resto da lexislación sectorial de aplicación ao territorio.





O artigo 5 da Lei establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe; e o artigo 6 ao tratar os fins das actuacións das administracións públicas en materia de paisaxe, dispón que estas deben atender, como mínimo, entre os seus fins, á protección da paisaxe, entendida como todas aquelas accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos dela.

En base a isto, a Xunta de Galicia está a promover a debida coordinación e cooperación entre aquelas consellerías con competencia en materia territorial, ambiental e cultural e os concellos, como responsables da aplicación das políticas de planeamento nos seus territorios, especialmente desde a aprobación do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

O artigo 9 do xa citado Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe teñen, entre outras funcións, fixar as condicións para a preservación e recuperación de valores paisaxísticos, así como definir as actuacións precisas para a preservación, mellora ou recuperación dos valores paisaxísticos.

A Comunidade Autónoma de Galicia é consciente da importancia das nosas paisaxes e do deber que temos de preservalas, pois se trata dun recurso patrimonial incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais. A paisaxe proporciona o marco idóneo na súa concepción holística para abordar a comprensión e a análise do territorio, das políticas de desenvolvemento sostible necesarias para a súa posta en valor e dos procesos ecolóxicos que nel teñen lugar, porque é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas. Por iso tamén debe ser o fiel reflexo dun territorio e dun medio ambiente de calidade, dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural, e que queira vivir nunha relación harmónica co medio, na que primen o uso racional do territorio, o aproveitamento sostible dos seus recursos, un desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.



A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, traballa na mellora e protección da riqueza paisaxística de Galicia e con este obxectivo conta con instrumentos cos que asegurar a súa axeitada protección, xestión e ordenación, entre os que destacan o Catálogo das paisaxes de Galicia e as Directrices de paisaxe.

A elaboración e configuración destes instrumentos puxo en evidencia novas necesidades, entre outras o necesario reforzo da cooperación entre administracións públicas que se amosa como a canle idónea para o desenvolvemento de políticas que supoñan integrar a cultura da paisaxe en todas as políticas territoriais e sectoriais (tal e como temos advertido con instrumentos tales como os Pactos pola Paisaxe ou os Plans de Acción de Paisaxe). Isto fai esencial desenvolver, dende o Instituto de Estudos do Territorio, unha programación e coordinación axeitada para acadar un adecuado impulso da referida cooperación interadministrativa.

Por outra banda, púxose de manifesto a existencia de moitos bens, tanto de titularidade privada como de titularidade municipal que, pola súa situación ou estado de conservación, producen impactos paisaxísticos. Cómpre facer unha aposta decidida por parte do Instituto de Estudos do Territorio en prol da defensa dos nosos valores paisaxísticos.

As innovacións que introduce o Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, son substanciais para o correcto desenvolvemento das competencias que ten atribuídas o Instituto de Estudos do Territorio.

A modificación dos estatutos deste organismo autónomo obedece á necesidade de adaptar e reforzar a súa estrutura para o desenvolvemento de novos programas e proxectos no ámbito das súas competencias. Do mesmo xeito, cómpre adaptar as funcións realizadas polas distintas unidades administrativas á realidade existente a día de hoxe e ás novas necesidades xurdidas como consecuencia da implementación dos instrumentos recollidos no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

As modificacións que se introducen son as seguintes:



A) A Xefatura do Servizo Xurídico-Administrativo ten como funcións as asignadas no Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio e son: prestación de asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución deste.

A xefatura do Servizo Xurídico-Administrativo encádrase no Departamento de Xestión Xurídico-Administrativa, cuxas funcións son:

- a) A xestión do inventario e do patrimonio do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.
- b) As tarefas de arquivo e rexistro.
- c) A elaboración das normas de réxime interior do Instituto.
- d) A xestión dos recursos informáticos e loxísticos do Instituto.
- e) A planificación, desenvolvemento e xestión da política de recursos humanos do Instituto.
- f) A preparación, a tramitación, o seguimento e o control dos expedientes de contratación administrativa no ámbito das súas competencias e a tramitación dos convenios de colaboración.
- g) A coordinación, elaboración, xestión da execución orzamentaria e control dos orzamentos.
- h) A definición, implementación e seguimento do sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o control do cumprimento dos compromisos asumidos no plan de actuación.
- i) A elaboración de propostas de resolución nos expedientes administrativos que sexan competencia do Instituto.

Coa modificación do Decreto 244/2011, de 29 de decembro trasládase a función de prestación de asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución deste, ao Departamento Técnico



de Estudos, que por razón da materia e ámbito de actividade, se considera máis axeitado.

Deste xeito, encoméndanse ao Servizo Xurídico-Administrativo as seguintes funcións: prestación de asesoramento a todas as unidades do organismo, particularmente nos procedementos de axudas tramitados polo Instituto de Estudos do Territorio, a elaboración dos anteproxectos normativos e de plans e programas de actuación deste organismo e das propostas de resolución dos expedientes que sexan competencia do Instituto de Estudos do Territorio, a tramitación dos convenios de colaboración así como a xestión e administración ordinaria do persoal adscrito ao organismo.

Modifícase, así, o artigo 27.2 apartado b) que quedaría redactado como segue:

Servizo Xurídico-Administrativo: correspóndenlle as funcións encomendadas ao departamento no relativo á prestación de asesoramento a todas as unidades do organismo, particularmente nos procedementos de axudas tramitados polo Instituto de Estudos do Territorio, á elaboración dos anteproxectos normativos e de plans e programas de actuación deste organismo e das propostas de resolución dos expedientes que sexan competencia do Instituto de Estudos do Territorio, á tramitación dos convenios de colaboración así como á xestión e administración ordinaria do persoal adscrito ao organismo.

A nova asignación de funcións débese, entre outras cuestións, á necesidade de que este servizo preste asesoramento na tramitación das novas liñas de axudas postas en marcha polo IET que totalizaron, nas catro convocatorias polo de agora rematadas, a xestión de máis de 5.500 expedientes.

Do mesmo xeito, só no ano 2021, xestionáronse 30 convenios: 17 corresponderon a convenios de colaboración novos que se asinaron e outros 13 son convenios xa asinados pero dos que houbo que facer o seguimento no 2021 e 2022. No ano 2022 xestionáronse 9 convenios e continuouse o seguimento dos 27 que estaban vixentes e ao longo do ano 2023, ademais de seguir xestionando todos os convenios con vixencia destes anos anteriores, asinouuse un novo convenio de colaboración para o tratamento das imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas obtidas e para a integración da Comunidade Autónoma de Galicia no sistema cartográfico nacional e para a mellora do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA) e o Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de



Desenvolvemento Rural, o Fondo Galego de Garantía Agraria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela sobre a Observación da Mobilidade e o Mercado da Terra en Galicia. Todos estes convenios derivan dos instrumentos para a protección da paisaxe galega.

Igualmente ao longo do ano 2023 comenzo o desenvolvemento de dous proxectos europeos nos que o o Servizo Xurídico-administrativo realizará labores de apoio e asesoramento, son os proxectos:

- 1.- Desenvolvemento do programa Interreg Europe- FEDER GIFT (Green Infrastructure for Forest and Trees) liderado polo IET.
- 2.- Desenvolvemento do Proxecto "GREEN GAP" do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 de Impulso das INFRAESTRUTURAS VERDES LOCAIS" liderado polo IET.

Do mesmo xeito, as funcións relacionadas co persoal do organismo pasan tamén a ser desenvolvidas por este servizo no relativo, entre outras cuestións, á xestión de relacións de postos de traballo, nomeamentos, ceses e xestión de permisos, vacacións e licenzas así como o asesoramento para a realización dos distintos tipos de solicitudes.

Cómpre asignarlle ao Servizo Xurídico-Administrativo as tarefas de apoio á Dirección do Departamento Xurídico-Administrativo nas cuestións antes indicadas dado o incremento de volume de expedientes que nos últimos anos se produciu e dada a tendencia ascendente do volume de traballo e, con iso, acadar un reparto máis equitativo nas funcións a desenvolver por este departamento.

B) A elaboración e configuración dos instrumentos en materia de paisaxe aos que nos referíamos máis arriba, puxo de manifesto novas necesidades e para darlle cobertura ás mesmas, puxéronse en marcha novos proxectos enmarcados no ámbito das competencias do IET.



Para facer fronte ás novas necesidades propúxose modificar o artigo 28.2 do Decreto 244/2011 polo que se aproban os Estatutos do IET, engadindo un apartado d) que queda redactado como segue:

d) Xefatura de Servizo de Coordinación e Fomento dos valores paisaxísticos: correspóndenlle as funcións encomendadas ao Instituto de Estudos do Territorio no relativo ao fomento dos valores paisaxísticos e da súa integración nas políticas territoriais e sectoriais así como, as funcións de asistencia aos concellos de Galicia para a elaboración, xestión e execución dos instrumentos de planeamento urbanístico.

Na modificación dos estatutos do IET, aprobada por Decreto, que da lugar á necesaria modificación da relación de postos de traballo, establécese a creación dun novo servizo que terá as seguintes características:

Denominación	SERVIZO DE COORDINACIÓN E FOMENTO DOS VALORES PAISAXÍSTICOS
Nivel	28
Forma prov.	CE (Concurso específico)
Subgrupo	A1-A2
Corpo/Escala	Xeral
Adscrición Función pública	AXG (Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia)
Titulación académica	(en branco)
Formación específica	502

A Xefatura de Servizo de Coordinación e Fomento dos valores paisaxísticos realizará tanto as funcións encomendadas ao Instituto de Estudos do Territorio no relativo ao fomento dos valores paisaxísticos e da súa integración nas políticas territoriais e sectoriais así como, as funcións de asistencia aos concellos de Galicia para a elaboración, xestión e execución dos instrumentos de planeamento urbanístico.

A función de fomento dos valores paisaxísticos que se materializará, entre outros, a través das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos comprenderá as seguintes tarefas:

- a) Definición das actuacións subvencionables





- b) Participación na elaboración das bases reguladoras e convocatoria en todos os seus aspectos técnicos.
- c) Colaboración no deseño das ferramentas informáticas que se utilicen para a tramitación das axudas na súa parte técnica, así como no seu seguimento e control.
- d) Establecemento de criterios previos á análise dos expedientes.
- e) Análise da documentación técnica dos expedientes
- f) Valoración económica do orzamento presentado polos solicitantes das axudas, así como a determinación do orzamento aceptado e axuda concedidas en cada un dos expedientes.
- g) Emisión dos correspondentes informes favorables ou desfavorables preceptivos e previos á concesión ou denegación da axuda a cada solicitante.
- h) Análise técnico dos recursos administrativos fronte a resolucións denegatorias de axudas e emisión dos correspondentes informes.
- i) Análise da documentación xustificativa.
- j) Emisión de informes na fase de xustificación co fin de proceder ao pagamento ou declarar a perda do dereito ao cobro total ou parcial en cada un dos expedientes presentados.
- k) Elaboración dos informes de situación, evolución e impacto que permitan un seguimento do alcance e repercusión no territorio galego dos distintos programas de axudas xestionadas polo IET.

No ano 2021 puxéronse en marcha novas liñas de axudas para a corrección de impactos paisaxísticos que supuxeron a tramitación, nestas catro convocatorias, de máis de 5.500 solicitudes de axuda. Na breve historia destas axudas que naceron no ano 2021 e que contan, polo de agora, con 4 convocatorias, achegáronse axudas a máis de 2.100 familias por un importe de préto de 6 millóns de euros no procedemento de axudas a particulares (MT402A) e no procedemento de axudas





destinadas a concellos (MT402B) ditáronse un total de 206 resolucións de concesión por un importe de algo máis de 3 millóns e medio de euros.

Neste programa de axudas de corrección de impactos paisaxísticos (MT402A e MT402B), entre os anos 2021 a e 2024, investíronse en torno a nove millóns e medio de euros de fondo autonómico, un esforzo importante para os orzamentos da Xunta de Galicia. Chegouse, con todo isto, a 283 entidades municipais, máis do 90% do total de concellos galegos, cubrindo así unha ampla franxa do noso territorio e mobilizando un investimento total en torno a dez millóns e medio de euros.

Nos vindeiros anos agárdase o mantemento ou, incluso, un incremento dos orzamentos destinados ás liñas de axudas así como un posible aumento destas. Trátase de programas de axudas con vontade de continuidade no tempo que implican unha importante carga de traballo no IET.

Tamén se materializa na tramitación e valoración do Distintivo Bandeiras Verdes, do que no ano 2023 levouse a cabo a cuarta das convocatorias para distinguir aqueles concellos que sobresaían polas súas boas prácticas en relación á ordenación do territorio protección do medio ambiente e da paisaxe; cambio climático e eficiencia enerxética; xestión de residuos e accións de sensibilización e comunicación, e neste ano 2024 estase a tramitar a quinta edición tamén con moi boa acollida.

No ámbito da cooperación entre administracións públicas realizará, entre outras, as seguintes tarefas:

- a) Impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- b) Participación na elaboración dos Pactos pola Paisaxe, en particular no relativo a identificación dos obxectivos de protección, xestión e ordenación da paisaxe e as accións contidas para a súa consecución.
- c) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de



implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial nas seguintes materias:

- No desenvolvemento, xestión e execución dos diferentes instrumentos de planificación con incidencia sobre o territorio.
- No seguimento dos efectos no ambiente da aplicación ou execución destes.

Do mesmo xeito, corresponderalle prestar asistencia e xestionar cantos asuntos lle sexan encomendados, por razón da súa competencia, pola persoa titular da Dirección do Departamento Técnico de Estudos.

As funcións que van ser asumidas por este posto de Xefatura de Servizo, non poden ser asumidas por ningún dos servizos existentes no Departamento Técnico de Estudos.

Consonte co Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, modificado polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño, o Departamento Técnico de Estudos exercerá as seguintes funcións:

- a) A realización de traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) A promoción e o desenvolvemento dos instrumentos de xestión, ordenación e promoción da paisaxe e do desenvolvemento sustentable na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o desenvolvemento das funcións antes relacionadas, este departamento conta-ba, antes da modificación coa creación do novo posto, cos seguintes servizos:

- a) Servizo de Estudos: correspóndenlle as funcións encomendadas ao Instituto de Estudos do Territorio no que atinxe á análise, seguimento, formación e divulgación sobre urbanismo e ordenación do territorio e, en xeral, prestarlle asistencia así como desenvolver calquera outras funcións que, por razón da súa competencia, lle poida encomendar a persoa titular da dirección do instituto ou departamento.



Así mesmo, correspóndenlle as funcións relativas á colaboración para a promoción das estratexias e programas que contribúan a conseguir o apropiado nivel de desenvolvemento sustentable, e aquelas que fomenten a participación cidadá.

Non é posible que este servizo asuma máis competencias xa que nestes anos, entre outras, desenvolveu as seguintes actuacións:

- Informe do Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial (PSST), incluíndo a solicitude dos datos precisos para o cálculo de indicadores aos correspondentes departamentos, así como a solicitude da designación dos representantes dos Grupos técnicos de traballo que se coordinan desde o IET.
- Operación estatística 1101-02. Indicadores de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial.
- Estratexia Galega de Infraestrutura Verde, Conectividade e Restauración Ecolóxicas (EGIVCRE)
- Visor para a difusión do sistema de indicadores do PSST, plataforma GIS completa baseada en tecnoloxía ESRI e aloxada na AMTEGA, para a visualización dos indicadores
- Proxecto Interreg EUROPE BIOGOV, desenvolvéronse distintos tipos de tarefas relacionadas coa: xestión, comunicación, divulgación, aprendizaxe internacional, identificación de boas prácticas e necesidades de melloras dos instrumentos políticos e a elaboración do plan de acción para levar a cabo esta mellora.
- Proxecto Interreg Europe GIFT
- Actividades de cooperación complementarias externas. Formación Pre-Post Doutoral (Prácticas Externas).
- Proxecto Green Gap no marco do Interreg España-Portugal (POCTEP 2021-2027)

b) Servizo de Coordinación e Información Territorial: correspóndenlle as funcións de elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos relacionados co territorio, así como a súa coordinación e difusión entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia. Tamén se encargará da xestión e desenvolvemento dos sistemas de información corporativos da Xunta vinculados ao territorio.

Non é posible que este servizo asuma máis competencias xa que nestes anos, entre outras, desenvolveu as seguintes actuacións:





- Plan cartográfico de Galicia e os correspondentes programas operativos.
- Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SI-OTUGA).
- Accións conxuntas con outras administracións e departamentos, tanto no eido local, estatal como con outros departamentos da Xunta de Galicia. Todo isto supuxo a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración.
- Produción cartográfica, ademais da mellora continua da base topográfica a escala 1/10.000 cómpre destacar a actualización de edificacións, estradas, parques eólicos para os mapas do Plan Eólico e todo o relativo a cartografía do Plan Básico Autonómico.
- Actuacións en materia de toponimia desenvolvendo diferentes actividades.

Desenvolvéronse tamén actuacións nos seguintes eidos:

- Actuacións en materia de información xeográfica de referencia
- Análise e Control de Calidade
- Plan de fondo documental de información territorial
- Rexistro de cartografía de Galicia
- A Cartoteca de Galicia
- Plan de xestión da IDEG e do SIX Corporativo
- SITGA
- Innovación, colaborando na iniciativa CIVILUAVs
- Formación no Máster Universitario en Operación e Enxeñería de Sistemas Aéreos non Tripulados.
- Cursos EGAP que se imparten para a Administración Autonómica e local sobre Sistemas de Información Xeográfica.

c) Servizo de Planificación da Paisaxe: correspóndenlle as funcións encomendadas ao Instituto de Estudos do Territorio no que atinxe ao desenvolvemento dos instrumentos recollidos na lexislación vixente sobre a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Así mesmo, asumirá as funcións de formación e divulgación na materia da paisaxe.

Non é posible que este servizo asuma máis competencias, por mor do incremento moi significativo nas emisións dos informes asociados a paisaxe (conservación, mantemento ou recuperación) que vese afectado polas actuacións que desenvolven outros departamentos da Xunta de Galicia, pola administración xeral do estado, administracións locais e o sector privado.





A evolución na emisión de informes ten unha tendencia claramente ascendente que se pode observar nos dez primeiros anos da súa existencia, pasando de 541 informes emitidos no ano 2012, no que se puxo en marcha este servizo aos máis de 1.200 informes que se emitiron no ano 2022, sendo o incremento dende o ano 2019 moito máis significativo. A razón deste incremento ven motivada pola entrada en vigor o 21.02.2021 do Decreto 238/2021, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia, sen prexuízo da necesidade de emitir informes por mor da restante normativa en materia ordenación do territorio, urbanismo, conservación da natureza, patrimonio cultural, protección do dominio público, etc.

Neste sentido, as directrices da paisaxe aplícanse en todos os proxectos ou actuacións que se desenvolven ao abeiro da lexislación sectorial ou que estean reguladas por ela, como condicionantes ou orientacións engadidas ás que establece a devandita lexislación.

Sen prexuízo das funcións específicas que lle corresponden ao órgano competente en materia de paisaxe, as entidades ou organismos que ostentan competencias relativas á citada lexislación sectorial e promovan, informen o autoricen proxectos das súas competencias, deben velar porque nestes se recollan adecuadamente as determinacións recollidas nas Directrices da paisaxe.

É dicir, os plans, programas ou proxectos deben xustificar, na súa memoria, o cumprimento destas directrices da paisaxe, o cal redundará na emisión de novos informes que inciden nunha maior carga de traballo do persoal do Servizo de Planificación da Paisaxe.

Aparte da obrigatoriedade de informar sobre a materia exposta, o Servizo de Planificación da Paisaxe levou a cabo nestes últimos anos as seguintes actuacións en materia de paisaxe, como son:

- Plan Proxecta en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- A formación, sensibilización e educación en materia de paisaxe que supuxo, entre outras cuestións, a edición das seguintes guías
 - A) Guía de Boas prácticas para a integración paisaxística das Redes de Abastecemento de Auga Potable.
 - B) A Paisaxe de Galicia desde a Bicicleta





- C) Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios
- D) Guía de boas prácticas para a integración paisaxística dos sistemas de conterización de residuos urbanos
- E) Guía de boas prácticas de integración paisaxística das infraestruturas empresariais
- F) Atlas dos Camiños de Santiago
- G) Guía de boas prácticas para as terrazas no espazo público

En canto ás funcións que se atribúen ao servizo creado no recente Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, son as propias dunha xefatura de servizo, por encaixar plenamente nas dun corpo superior na medida en que se lle encomendan funcións de planificación, administración e xestión de proxectos e programas, deseño de procedementos administrativos, deseño e implantación de sistemas de xestión e elaboración de informes e estudos para a toma de decisións.

Todas elas son funcións que implican un grao de responsabilidade propio dunha xefatura de servizo.

Non existe no IET a día de hoxe ningún efectivo de persoal que teña asignadas as tarefas que se atribúen ao servizo cuxa creación se efectuou coa aprobación do Decreto 104/2023, así nos anos 2021, 2022 e grande parte de 2023, estas tarefas foron realizadas por persoal que xa tiña atribuídas outras funcións, e tiveron que ser realizadas en gran medida fóra do horario da xornada normal de traballo ao ter que compatibilizalas coas funcións propias dos seus postos.

Esta situación conxuntural e temporal, que veu xustificada por necesidades de servizo, non podía perpetuarse no tempo, xa que non cabe que indefinidamente se asignen a empregados públicos funcións, tarefas ou responsabilidades distintas das correspondentes ao posto de traballo que desempeñen. Todas as xustificacións ata o de agora expostas, serviron de motivación válida e suficiente para a tramitación e aprobación do Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, que agora cómpre que teña o seu reflexo na correspondente relación de postos de traballo. Son as relacións de postos de traballo os instrumentos de ordenación do persoal que deben recoller todos os postos necesarios para o desenvolvemento das tarefas das distintas unidades administrativas e, no caso de





que non os recollan, debe procederse á modificación destas co fin de facer as adaptacións que sexan precisas para unha axeitada prestación dos servizos públicos.

2. Modificación da praza MA.O31.00.001.15770.020 XEFATURA DO SERVIZO XURÍDICO-AMINISTRATIVO: Eliminación do requisito de titulación 2062 Licenciado/ Grao en Dereito

A praza MA.O31.00.000.15770.020 denominada Xefatura do Servizo Xurídico-Administrativo, é un posto, con nivel 28, de adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia, aberto a corpos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, grupos A1 e A2 e que ten como titulación esixida para a súa ocupación a 2062 Licenciado/Grao en Dereito.

As funcións asignadas a esta Xefatura de Servizo no Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, modificado polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño, son: prestar apoio e asesoramento a todas as unidades do organismo, particularmente nos procedementos de axudas tramitados polo Instituto de Estudos do Territorio, a elaboración dos anteproxectos normativos e de plans e programas de actuación deste organismo e das propostas de resolución dos expedientes que sexan competencia do Instituto de Estudos do Territorio, a tramitación dos convenios de colaboración así como a xestión e administración ordinaria do persoal, tanto funcionario como laboral, adscrito ao organismo e do seu réxime interior e control.

A xefatura do Servizo Xurídico-Administrativo encádrase no **Departamento de Xestión Xurídico-administrativa**, cuxas funcións son:

- a) A xestión do inventario e do patrimonio do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.
- b) As tarefas de arquivo e rexistro.
- c) A elaboración das normas de réxime interior do Instituto.
- d) A xestión dos recursos informáticos e loxísticos do Instituto.
- e) A planificación, desenvolvemento e xestión da política de recursos humanos do Instituto.
- f) A preparación, a tramitación, o seguimento e o control dos expedientes de contratación administrativa no ámbito das súas competencias e a tramitación dos convenios de colaboración.





- g) A coordinación, elaboración, xestión da execución orzamentaria e control dos orzamentos.
- h) A definición, implementación e seguimento do sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o control do cumprimento dos compromisos asumidos no plan de actuación.
- i) Elaboración de propostas de resolución nos expedientes administrativos que sexan competencia do Instituto.

Coa modificación do Decreto 244/2011, de 29 de decembro, trasládase a función de prestación de asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución deste, ao Departamento Técnico de Estudos, que por razón da materia e ámbito de actividade se considera máis axeitado.

Tendo en conta que as funcións atribuídas non son exclusivamente de carácter xurídico, senón tamén de tramitación administrativa, enténdese preciso retirar a esixencia de posuír a titulación de Licenciado/Grao en Dereito para a cobertura da dita praza, sen prexuízo de que si constituía un mérito a valorar, e se poña como formación específica 501 LIC./GRAO DEREITO (mérito).

Deste xeito, a configuración do servizo queda como a seguir se indica:

Denominación	XEFATURA SERVIZO XURÍDICO ADMINISTRATIVO
Nivel	28
Forma prov.	CE (Concurso específico)
Subgrupo	A1-A2
Corpo/Escala	Xeral
Adscrición Función pública	AXG (Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia)
Titulación académica	(en branco)
Formación específica	501





3. Creación de dúas prazas nivel 25, XEFATURA DE SECCIÓN NO DEPARTAMENTO TÉCNICO DE ESTUDOS DO IET:

A consecuencia da funcionarización do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, o IET pasou a ter 17 novos postos base dos grupos A1, A2 e C1 (13 do grupo A1, 2 do grupo A2 e 2 do grupo C1) Cómpre ter en conta que neste 2024 se procederá ao remate dos procesos de funcionarización que afectan ao persoal do IET coa funcionarización doutros dous efectivos de persoal laboral que pasarán ao grupo C1.

Isto supón dificultades engadidas para a organización interna do traballo no IET, xa que a mobilidade do persoal funcionario é moi superior á do persoal laboral. Desde a toma de posesión deste persoal en xullo de 2022, algúns dos efectivos cambiáronse a postos de nivel superior mediante comisións de servizo debido a que non se lle denevou a mobilidade ao persoal porque en todos os casos supuxo unha mellora profesional e económica para as persoas afectadas e, dados os lugares de prestación dos servizos, nalgúns dos casos supuxo ademais facilitar a conciliación da vida persoal e laboral evitando desprazamentos.

Ao ser titulares de postos base, a substitución do persoal que marcha en comisión de servizos non resulta viable, publicáronse os correspondentes anuncios de comisión de servizos para a cobertura dos postos sen ter solicitude algunha ao respecto. No IET unicamente están cubertos aqueles postos bases de titulares que tomaron posesión como consecuencia do proceso de funcionarización e permanecen aínda no seu destino.

Ao anterior debe engadirse a circunstancia de que nos atopamos nun entorno xeral dun considerable número de prazas vacantes con nivel 18 e 25, o que da lugar a que os postos base non sexan atractivos e, polo tanto, moi difíciles de cubrir, salvo que estean en servizos periféricos por cuestións de reducir a mobilidade xeográfica das persoas que residen nesas localidades distintas de Santiago de Compostela, non obstante, este organismo autónomo non posúe persoal nada máis que en Servizos Centrais en Santiago de Compostela.

Polo tanto, o IET enfoca a modificación da súa RPT co fin de crear dúas prazas de xefatura de sección, nivel 25 que, a medio e longo prazo, é máis axeitada para estabilizar o número de efectivos da entidade, sobre todo tendo en conta que en determinados postos do IET se desempeñan funcións moi específicas, en concreto nos servizos nos





que se propón crear estas prazas onde se desenvolven as funcións relacionadas coa elaboración de cartografía e coa realización de estudos, traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre o territorio galego.

O Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, establece no seu artigo 10 as funcións deste organismo, artigo que foi modificado polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia. Deste xeito, establece entre as súas funcións:

a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio

.../...

d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:

1º. Coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.

2º. Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG). A produción cartográfica do Instituto de Estudos do Territorio empregará a toponimia oficial e a restante adecuarse a medida que vaia sendo aprobada polo procedemento establecido no Decreto 132/1984, do 6 de setembro, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia.

3º. Emisión de informe preceptivo en toda elaboración de cartografía e información xeográfica realizada fóra do Plan galego de cartografía e información xeográfica por un ór-





gano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou algunha das entidades instrumentais do sector público autonómico.

4º. Elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos da consellería, así como a xestión das encomendas recibidas doutros departamentos ou órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia relacionadas con esta materia.

5º. O arquivo e o tratamento dos datos referidos aos indicadores do territorio establecidos nos instrumentos de ordenación territorial.

6º. Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido e de novos sistemas e aplicacións en materia de información xeográfica para Galicia.

7º. Facilitar o acceso público á información e a tecnoloxías xeográficas para promover o coñecemento do territorio e os seus valores, contribuíndo, así, á conservación, á protección e ao desenvolvemento sustentable de Galicia.

8º. As funcións indicadas no artigo 19 do Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, respecto do Rexistro de Cartografía de Galicia.

9º. As funcións recollidas no artigo 42 do Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, respecto da Cartoteca de Galicia».

Co fin de dar cumprimento ás funcións antes indicadas o **Departamento Técnico de Estudos** ten atribuídas as seguintes funcións:

- a) A realización de traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) A promoción e o desenvolvemento dos instrumentos de xestión, ordenación e promoción da paisaxe e do desenvolvemento sustentable na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para o desenvolvemento de parte das funcións referidas no anterior parágrafo, o citado Departamento Técnico de Estudos, conta co Servizo de Coordinación e Información Territorial ao que lle corresponde a elaboración, mantemento e actualización da in-





formación xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos relacionados co territorio, así como a súa coordinación e difusión entre os distintos departamentos da Xunta de Galicia. Tamén se encarga da xestión e desenvolvemento dos sistemas de información corporativos da Xunta vinculados ao territorio.

A Xefatura de Sección de Producción e Información Cartográfica, cuxa creación se propón, asistirá ao servizo de Coordinación e Información Territorial no relativo á elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para a realización de estudos relacionados co territorio, na produción das bases cartográficas necesarias para o correcto desenvolvemento dos servizos que desde a Xunta de Galicia se presta á cidadanía e aquelas outras encargadas polo servizo en relación coas súas competencias, entre outras, as relacionadas coas seguintes materias:

1. Plan Galego de Cartografía e Información Xeográfica
2. Accións conxuntas con outras administracións e departamentos
3. Producción Cartográfica
4. Plan de Xestión da IDEG e do SIX Corporativo.
5. Innovación
6. Divulgación e Formación

A xefatura de sección que se propón crear no Servizo de Coordinación e Información Territorial contará coas seguintes características:





Denominación	Xefatura de Sección de Producción e Información Cartográfica
Nivel	25
Forma prov.	C (Concurso)
Subgrupo	A1-A2-C1
Corpo/Escala	Xeral
Adscrición Función pública	AXG (Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia)
Titulación académica	(en branco)
Formación específica	468, 469, 471, 513

Do mesmo xeito o Departamento Técnico de Estudos do IET, para a realización das súas funcións conta co Servizo de Estudos ao que lle corresponden as funcións encomendadas ao IET no que se refire a análise, seguimento, formación e divulgación sobre o territorio galego e, en xeral, prestar asistencia así como desenvolver calquera outras funcións que, por razón da súa competencia, lle pida encomendar a persoa titular da dirección do instituto ou departamento.

A Xefatura de Sección no Servizo de Estudos realizar as funcións de apoio e desenvolvemento das encomendadas ao Servizo de Estudos; en particular as seguintes:

- Desenvolvemento das tarefas do Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial:

- análise de datos territoriais
- procesamento de datos territoriais
- diagnose territorial
- elaboración de indicadores que inclúe o anterior
- elaboración de gráficos
- elaboración de mapas a partir de ferramentas de xeorreferenciación (ARCGIS)
- carga e actualización do Visor de indicadores

- Coordinación dos grupos técnicos de traballo do Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial

- Xestión do Plan proxecta Mestres Gandeiros:

- Análise da documentación técnica dos expedientes: programas e memorias
- Propostas de admisión das solicitudes





- Comunicación cos centros participantes

- Xestión dos proxectos europeos:
 - definición de candidaturas
 - colaboración na xestión diaria das accións programadas do proxectos
 - elaboración de pregos de prescricións técnicas dos contratos que se formulen
 - deseño, preparación e coordinación das actividades do proxecto
- Apoio no desenvolvemento de instrumentos de planificación territorial encomendados ao Servizo de Estudos

Do mesmo xeito, corresponderalle prestar asistencia e xestionar cantos asuntos lle sexan encomendados, por razón da súa competencia, polo xefe/a do Servizo.

O posto de xefatura de sección que contará coas seguintes características:

Denominación	Xefatura de Sección de Estudos
Nivel	25
Forma prov.	C (Concurso)
Subgrupo	A1-A2-C1
Corpo/Escala	Xeral
Adscrición Función pública	AXG (Adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia)
Titulación académica	(en branco)
Formación específica	502, 513, 578, 579

VALORACIÓN ECONÓMICA DA PROPOSTA:

1. Execución do disposto no Decreto 104/2023, do 29 de xuño, polo que se modifica o Decreto 244/2011, de 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio e creación de dous postos de xefatura de sección, nivel 25 :

Custes dos postos a crear e amortizacións propostas para a dita creación:





Postos a crear

Liña orzamentaria	G - N/C	Código	Denominación	Custe
A crear (3860)	A1-28	MAO310000215770035	XEF SERV COORD E FOMENTO DOS VALORES PAISAXISTICOS	64.764,97 €
A crear (3861)	A1-25	MAO310000215770036	XEF SECCIÓN DE PRODUCCIÓN INFORMACIÓN CARTOGRÁFICA	53.764,18 €
A crear (3861)	A1-25	MAO310000215770037	XEFATURA DE SECCIÓN DE ESTUDOS	53.764,18 €

TOTAL 172.293,33 €

Postos a amortizar

Liña orzamentaria	G - N/C	Código	Denominación	Custe
5278	C1-14	MAO310000115770006	XEFATURA DE GRUPO	30.813,14 €
5333	A1-20	MAO310000015770030	POSTO BASE SUBGRUPO A1	42.751,53 €
3864	C2-16	MAO310000115770003	SECRETARIO/A DO/A DIRECTOR/A DO DEPARTAMENTO	32.205,04 €
3865	C2-12	MAO310000015770031	POSTO BASE SUBGRUPO C2	27.088,61 €
3865	C2-12	MAO310000015770030	POSTO BASE SUBGRUPO C2	27.088,61 €
1396	II	MAO319999915770130	TITULADO/A GRAO MEDIO	37.188,84 €

TOTAL 197.135,77 €

Superávit	24.842,44 €
------------------	--------------------

Os postos que en concreto se amortizan son postos vacantes, sen titular nin ocupante e que no día de hoxe non teñen, polo tanto, funcións asignadas:

- (MAO310000015770104): POSTO BASE SUBGRUPO A1, nivel 20: Vacante
- (MAO310000115770003): SECRETARIO DO DIRECTOR DE DEPARTAMENTO, nivel 16: Vacante.
- (MAO310000115770006) Xefatura de Grupo, nivel 14: Vacante.
- (MAO310000015770031) POSTO BASE SUBGRUPO C2, nivel 12: Vacante
- (MAO310000015770030) POSTO BASE SUBGRUPO C2, nivel 12: Vacante
- (MAO319999915770130) Titular grao medio: Vacante

En consecuencia, atopándose hoxe vacantes e dado o tempo que permaneceron os postos sen ocupante (máis de un ano) salvo o último que leva vacante máis de seis meses debido a xubilación do seu titular, ningún deles está a desenvolver funcións no día de hoxe.

2. Modificación da praza MA.O31.00.001.15770.020 XEFATURA DO SERVIZO XURÍDICO-AMINISTRATIVO: Eliminación do requisito de titulación 2062 Licenciado/





Grao en Dereito

Esta modificación non ten custe.

En consecuencia, desta proposta de modificación da relación de postos de traballo do IET resulta un superávit de 24.842,44 €. Este superávit utilizarase para futuras modificacións da RPT co fin de estabilizar o número de efectivos da entidade, tendo en conta as competencias eminentemente técnicas e específicas que se desempeñan nalgunhas das unidades administrativas deste organismo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director do Instituto de Estudos do Territorio
Enrique Luis de Salvador Sánchez

